



DESPEDIDA FINAL

Chegou o momento de finalizar unha etapa e emprender outra, o momento de despedirme do que vou deixar atrás, o momento de volver ter que marchar.

Parece mentira que me toque xa estar a escribir isto, a miña carta de despedida. Sempre pensei no que poñería, pero o que nunca pensei foi que os anos pasarían tan rápido e que tan axiña tería que estar a facelo.

Sempre custa abandonar lugares, e máis sabendo que nunca retornarás. Todo empeza e todo se acaba, nada é para sempre, e isto acabou para min.

Estou contenta polo que vai vir, pero tamén sinto tristeza polo que vou deixar, xa que sei que nunca vai ser o mesmo nin os mesmos, por iso, á vez que estou escribindo, vánseme pasando mil e unha imaxes, centos de recordos pola cabeza. Agora estou percorrendo co pensamento o instituto, os comilóns na cafetería, as escapadas nas horas libres á biblioteca, as escapadas nas horas de clases pola manivela (ou o que fose) a conserxería, as carreiras polas escaleiras, os xogos e bromas no ximnasio, a aula de abaixo de tecnoloxía, onde emprendín tantos proxectos nunca rematados, a antiga clase de debuxo onde alguén de mirada triste e hoxe de presenza ausente me ensinou que o mellor debuxo é o que se fai co corazón; a segunda aula de música, onde coas melodías de Mozart nacía a maxia no meu corazón. A clase Álvarez Carballido, o meu inesquecible 2ºD e a clase Fernán e Aldara, o meu lembrado 3ºD; as aulas da

planta de arriba... cantos recordos en cada un destes recunchos, canta xente que os fixo especiais.

Con cada liña estou máis preto de marchar, e iso cada vez dáme máis pena, aínda que este curso foi o máis duro de todos, demasiado que estudar, pouco tempo para facelo, presión, agobio, todo o mundo falando da “selectividade”, toda a confianza que os demais tiñan en min, medo a decepcionar... e no único no que pensaba era nos días que quedaban aquí, desexando que pasaran o máis axiña posible, e poñer fin a isto, pero agora non quero, porque sei que vou botar de menos todo isto; o encontro cada mañá con elas, botando as primeiras risas do día ata que cada unha se vai para a súa clase esperando a que chegaran as 11:10 para volvernos xuntar todas, mentres a Ro aproveitaba para facer unha graza e sacarnos a todas o maior dos sorrisos.

A tranquilidade que me transmitían as palabras de Karina e o sorriso de Pulina ante calquera adversidade, tantos comentarios, preocupacións e alegrías compartimos as tres. Véndote dous sitios máis atrás, ás veces evitando o cruce das miradas, sempre sen dirixirnos palabra e intentando esquecer as vellas historias que hoxe volveron renacer.

As historias tamén de cada fin de semana que me contaba Marga detrás do muro da clase de música que nos illaba ás catro cotorriñas. O reencontro á saída do instituto xunto con Nata e Silvia contando as parvadas que

acontecían cada día.

A tremenda soidade que sentía cando pensaba que, aínda que saíse ao corredor, non o vería, e iso acababa un pouco máis coa miña alegría. A súa ausencia neste último curso convertíase en presenza no meu pensamento en todo momento.

Difícil será tamén esquecer a voz da Belenciña mandándome calar e eu sen poder deixar de falar.

As mesmas clases e a mesma extraordinaria profesora (cos seus defectos e virtudes) de Lingua Castelá e Literatura dende 2º de ESO ata hoxe.

As excelentes explicacións de Xeografía e Historia que nos daba Carmen Santos, quizais de carácter respectuoso e co corazón máis fermoso. E os demais profesores deste ano e cursos anteriores que aínda seguen saudando polos corredores.

Xa a piques de rematar, esto me dando conta de que o que debo sentir non é tristeza polo feito de marchar, senón ledicia por marchar co que levo.

Grazas a todos os que tanto me ensinastes e que fixestes destes últimos seis anos os mellores da miña vida.

Ata sempre.

Ana Mato Salgado. B2B.

